


COMUNICADO DE AGRADECIMENTO

Grazas á colaboración recibida o **martes, 4 de febreiro** obtivéronse un total de **60 doazóns de sangue**. Levamos acudindo coa unidade móbil ao I.E.S. CHAPELA dende o ano 1995 e o longo destes anos acadaronse **1.166 doazóns**.

Para entender a importancia deste acto solidario, sinalar que coa participación acadada no mes de febreiro dispoñemos, por exemplo, de glóbulos vermellos para **30 intervencións cirúrxicas** ou para **6 transplantes** de órganos e tamén plaquetas para axudar a **12 doentes** a loitar contra o cancro ou a leucemia.

I.E.S. CHAPELA



As persoas que doan sangue forman parte da sanidade. Están presentes nas intervencións cirúrxicas, cando atendemos a unha persoa que sufriu un accidente de tráfico, cando axudamos ás persoas con cancro ou leucemia, nos transplantes de órganos,... Grazas a súa solidariedade pódese desenvolver máis de **210.000 intervencións cirúrxicas**, máis de **1 millón de urxencias** e máis de **350 transplantes de órganos** cada ano nos hospitais galegos.

Queremos, dar a benvinda ás **38 persoas** que fixeron a súa primeira doazón e agradecer a colaboración de todas as persoas que axudaron na organización desta iniciativa solidaria e a todas as persoas que doaron sangue ao longo destes anos.

GRAZAS POR COMPARTIR A VOSA SAÚDE

DOA SANGUE

#sumateanonosoequipo

